



ENFERMIDADES PROFESIONAIS

De que estamos a falar?

Concepto

O artigo 157 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, define a enfermidade profesional como a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei ([cadro aprobado polo Real Decreto 1299/2006 de 10 de novembro](#)), e que estea provocada pola acción dos elementos e substancias que se indiquen para cada enfermidade profesional.

Dende o punto de vista legal, o sistema español de declaración de enfermidades profesionais establece que, despois de ter diagnosticada unha enfermidade incluída no listado, procederá cualificala como de orixe laboral, unha vez comprobada a existencia do axente causante e sempre que resulte acreditado que o traballador realiza a actividade para a cal está prevista a enfermidade.

Normativa reguladora

Anexo I do [Real Decreto 1299/2006](#), de 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.

Na normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1299/2006) establece o procedemento que se debe observar para a inclusión no dito cadro de novas enfermidades profesionais que se estimen deban ser incorporadas ao mesmo. O dito procedemento comprenderá, en todo caso como trámite preceptivo, o informe do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social ven postulado no Anexo I do dito Real Decreto, e no Anexo II a lista complementaria de enfermidades de orixe profesional sospeitoso e cuxa inclusión puidera contemplarse nun futuro

Competencia

A *cualificación* dunha enfermidade como profesional corresponde a entidade xestora respectiva-Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), sen prexuízo da súa tramitación como tal por parte da entidade colaboradora que asuma a protección das continxencias profesionais (Mutuas de Accidentes de Trabajo e Enfermedades Profesionales da Seguridade Social).

A *forma da notificación* das enfermidades profesionais variará dependendo se o/a traballador/a está incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social (traballadores de centros públicos que se rexen pola lexislación laboral) ou se está incluído no Réxime Especial de Funcionarios Cívís do Estado:



.-Para os/as traballadores incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, a [**ORDEN TAS/1/2007**](#), de 2 de xaneiro, pola que se establece o modelo de parte de enfermidade profesional e se ditan normas para a súa elaboración, transmisión e se crea o correspondente ficheiro de datos persoais.

Dende a entrada en vigor do Real Decreto 1299/2006, é a entidade xestora ou colaboradora que asuma a protección das continxencias profesionais, a que elaborará e tramitará o parte de enfermidade profesional correspondente, debendo a empresa unicamente facilitar a información obrante no seu poder.

.-Para os/as traballadores incluídos no Réxime Especial de Funcionarios Cívís do Estado, a normativa reguladora é a [A Orde APU/3554/2005, do 7 de novembro](#), pola que se regula o procedemento para o recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo no ámbito do mutualismo administrativo xestionado por MUFACE.

Qué facer en caso de Enfermidade profesional?

Mutua Galega de AT e EP

Ante a sospeita de que un/unha traballador/a poida padecer unha enfermidade profesional, deberá solicitar asistencia médica en calquera dos centros médicos asistenciais. Pode consultar os centros da Mutua premendo no seguinte enlace [rede de centros](#).

O traballador deberá aportar o [Talón de solicitude de asistencia médica](#) xunto co DNI e tarxeta sanitaria, así como os informes médicos ou documentación relativa ao caso que posea. No caso de que a persoa non estivera en condicións de expresarse ou o faga con dificultade será conveniente que acuda acompañado doutra persoa.

Para a correcta cualificación da enfermidade profesional, en moitas ocasións é necesario realizar un estudo ou descrición do posto de traballo co fin de comprobar a existencia no mesmo dunha exposición a un risco específico que poida ser causante da enfermidade. Polo que se o traballador non o aporta no momento de ser atendido, será requirido ao Servizo de Prevención.

Unha vez prestada a asistencia sanitaria o/a traballador/a poderá atoparse nalguna das seguintes situacións:

- 1.- Que se trate dun continxencia común. Neste caso se lle entregará o informe médico correspondente e se lle remitirá ao Servizo Público de Saúde
- 2.-Que se trate dun accidente de traballo, neste caso actuarase conforme á información recollida no apartado relativo aos accidentes de traballo.
- 3.- Que se trate dunha enfermidade profesional. A dita calificación poderá dar lugar a:
 - a) que o/a traballador/a non cause baixa médica(cando non está incapacitado para realizar o seu traballo, poidendo ou non precisar asistencia sanitaria), polo que se lle entregará un certificado médico (parte de asistencia sen baixa) para entregar un



exemplar á empresa.

b) que o/a traballador/a cause baixa médica (cando non pode continuar coa súa actividade laboral e precisa asistencia sanitaria), sendolle expedido o parte médico de baixa debendo entregar a copia para a empresa no prazo de 3 días.

4.- Que existan dúbidas de que se trate dunha enfermidade profesional. Neste caso, abrírase pola MUTUA de AT e EP un proceso de enfermidade profesional en período de observación, que ao igual que no caso anterior pode ser con ou sen baixa médica, e realizáranse estudos para confirmar o diagnóstico ou a exposición do axente causante.

a) Se se conclúe a non existencia da enfermidade profesional (continxencia común ou accidente de traballo) se comunicará á empresa.

Proceso sen baixa: ao traballador/a se lle entregará un informe médico completo razonando o motivo polo que non se cualificou o proceso como tal enfermidade profesional e se lle comunicará a empresa, o INSS e ao Servizo Público de Saúde (SPS)

Proceso con baixa: Procederáse a dar o alta do proceso do período de observación de enfermidade profesional. No caso de accidente de traballo se extenderá a correspondente baixa por esta continxencia profesional (accidente de traballo). No caso de enfermidade común, se lle entregará ao paciente un informe comunicándose á empresa, INSS e SPS.

b) Se conclúe a existencia de enfermidade profesional, procederáse conforme ao descrito no apartado 3.

MUFACE

O [Real Decreto 375/2003](#), de 28 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo entende por enfermidade profesional a contraída polo mutualista a consecuencia da prestación dos seus servizos á administración, nas actividades que se especifican nas normas regulamentarias do Réxime Xeral da Seguridade Social ou outras normas que se diten para tal efecto, sempre que estea provocada pola acción de elementos ou substancias determinadas nas ditas normas para cada enfermidade profesional.

A [Orde APU/3554/2005, do 7 de novembro](#), pola que se regula o procedemento para o recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo no ámbito do mutualismo administrativo xestionado por MUFACE, atribúe a competencia ao órgano de persoal, ou autoridade ou cargo público que en cada ámbito organizativo teña asignada directamente, ou por delegación a atribución para expedir ao mutualista afectado, as licenzas por enfermidade, en relación ao Decreto 4/2013, do 4 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O procedemento administrativo será o seguinte:

- Escrito dirixido ao Departamento de Persoal do Servizo de Recursos Humanos da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente, achegando todos os documentos que considere relevantes e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Servizo de Prevención de Riscos Laborais




probatorios para o caso.


- O Departamento de Persoal competente en fase de dilixencias previas reunirá e completará a documentación que serva de base á proposta de resolución e unha vez completada a mesma, iniciará expediente de pescudas ou averigüación de causas, solicitando do Servizo de Prevención o informes correspondentes. O procedemento finalizará coa resolución declarativa precisa, que se comunicará ao mutualista e ao Servizo Provincial de MUFACE de adscrición do mutualista.

Nota: Todos os textos subliñados son hipervínculos. Premendo con control e intro sobre eles dirixe á información correspondente.



Protocolos actuación procedimental







RECLAMACIÓNS pola xestión das mutuas de traballo

No caso de que o persoal traballador non estea conforme co servizo prestado polas Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, existen diferentes vías para reclamar:

- 1) *Reclamación por escrito ante a propia mutua*, podendo realizala a partir dos formularios que cada mutua ten a obriga de dispor.
- 2) No caso de non resolver o asunto coa reclamación anterior, poderá tramitar unha *reclamación ante a Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)*.
- 3) *Fronte a resolución do INSS poderase interpor recurso administrativo ou ben acudir a vía xurisdiccional social*

* O Ministerio de Traballo, a través da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, facilita na súa páxina web unha oficina virtual de presentación de reclamacións, a que poderá acceder no seguinte enlace: <http://www.ovrmatepss.es/virtual>

* *Cando a Mutua clasifique un accidente de traballo coma enfermidade común ou non cualifique a enfermidade profesional como tal, terase que realizar unha reclamación ante o Equipo de Valoración das Incapacidades (EVI), dependente do INSS da provincia onde se produza o feito.*